



Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 18 DE NOVEMBRO DE 2014, POLA QUE SE RECOÑECE O DEREITO E SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A DEVOLUCIÓN DA PARTE DEVINDICADA CORRESPONDENTE Á PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012.

En virtude do disposto no Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE nº168 de 14 de xullo) e na Lei de Galicia 9/2012, do 3 de agosto (DOG nº 152 do 9 de agosto), a Universidade da Coruña procedeu á supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, de acordo coas regras de redución e supostos retributivos previstos nestas normas para as distintas categorías de persoal do sector público; a dita supresión instrumentouse a través da Instrución 4/2012 da Xerencia de data 9 de agosto de 2012.

En cumprimento do disposto no citado Real decreto lei, procedeuse á supresión dunha contía equivalente ao 100% do importe correspondente á paga extraordinaria de decembro de 2012.

Con data 22/11/2013 o Xulgado do Contencioso Administrativo Nº3 da Coruña ditou sentenza xa firme pola que se recoñece o dereito dun profesor da UDC a percibir a parte devindicada (44 días) correspondente á paga extraordinaria do mes de decembro de 2012; con posterioridade, o mesmo xulgado ven recoñecendo a extensión de efectos da devandita sentenza a aquel persoal, tanto PDI como PAS, que así o ven demandando, con imposición ademais das custas procesuais, o que supón un custo adicional para a UDC a respecto da obriga de devolución da parte devindicada da dita paga extraordinaria.

O recoñecemento administrativo do dereito á devolución da dita paga extraordinaria pola parte devindicada, será habilitado legalmente para todo o sector público no momento en que entre en vigor a disposición adicional 10ª do proxecto de LPGE para 2015 sobre "recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012" pola parte correspondente (ou equivalente) a 44 días. Este precepto habilita ademais a cada Administración Pública para aprobar no seu ámbito autonómico estas medidas en función dos criterios da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria. Neste sentido, a disposición adicional 16ª do proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2015, actualmente en trámite parlamentario, estipula unicamente a devolución da parte correspondente a 22 días devindicados na dita paga extra, a pesar dos reiterados pronunciamentos xudiciais ao respecto ditados, que como se sinalou, están a supoñer para a UDC un custo adicional polas sucesivas imposicións das custas procesuais nos autos de extensión de efectos.

Diante desta situación, co obxecto de atender os reiterados pronunciamentos xudiciais ditados sobre esta cuestión, tanto para as distintas Administracións Públicas en xeral canto, en particular, para a UDC, tratando ademais de evitar maiores custos procesuais para a nosa Universidade, e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias previstas para o peche do presente exercicio orzamentario, dando ao tempo por razóns de equidade un tratamento completo a todos os colectivos de persoal da UDC, e unha vez reunida a Mesa de negociación constituída para o efecto, dítanse as seguintes instrucións:

PRIMEIRA: Recoñécese a todos/as os/as traballadores/as da UDC afectados pola redución salarial que se dispón no Real decreto lei 20/2012, o dereito ao reintegro do importe correspondente ao período devindicado con anterioridade á entrada en vigor deste Real decreto lei da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012.



Xerencia

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1989
2014



UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

SEGUNDA: No mes de decembro de 2014 farase efectivo o pagamento dunha terceira parte da contía total debida polos 44 días, ou equivalente, devindicados por cada traballador.

TERCEIRA: A liquidación da contía restante, é dicir, as 2/3 partes que quedan pendentes de aboamento, ordenarase pola xerencia no mes de xaneiro de 2015.

CUARTA: Os devanditos aboamentos atenderán ás seguintes regras:

a) Para cada un dos colectivos de persoal, os criterios de cálculo do tempo devindicado terán como base as regras de aplicación establecidas na citada Instrucción da Xerencia da UDC 4/2012.

b) Naqueles casos nos que non houbera procedido o recoñecemento da totalidade da paga extraordinaria de decembro de 2012, os 44 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que houbera correspondido.

c) Nos supostos nos que xa se tivera aboado parte ou a totalidade da contía que corresponde, ben por resolución xudicial firme ou por se ter practicada algunha liquidación, procederase a aboar únicamente a contía que reste.

d) Ao persoal que non se atope en situación de servizo activo ou asimilado na data de aprobación desta instrución, ou que perdeu a condición de empregado público, aboaráselle as contías ás que teña dereito, tras unha petición dirixida á Xerencia; no caso de que o persoal de que se trate houbera falecido, a petición deberá formularse polos seus herdeiros.

e) A regularización do tipo de retención do IRPF que proceda realizar en virtude do disposto, calcularase segundo o previsto no art. 87 do Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aprobado polo Real decreto 439/2007, de 30 de marzo.

QUINTA: Para facer efectivo o dereito á devolución da paga extraordinaria de decembro de 2012 que se recoñece na presente resolución habilitaranse os correspondentes créditos orzamentarios no presente exercicio 2014 e no 2015; o financiamento destes créditos estará en todo caso afectado polas previsións que finalmente se establezan para a UDC na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

A Coruña, 18 de novembro de 2014

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada.

Equipo de Goberno.

Vicexerencias.

Servizo de Restribucións, Seguridade Social e Acción Social.

Listas PDI, PAS e PeC.